

“Non me gustan as tarefas domésticas, pero na nosa casa sempre repartimos o traballo. Para lograr unha boa convivencia, todos os membros da familia, incluídos os fillos, téñense que involucrar”.

“Escollín este traballo porque sempre me gustou axudar ás persoas maiores. Para min son un referente, un exemplo a seguir. Cada día aprendo algo novo deles”.

“Estou neste traballo por vocación. Con 13 anos souben que quería ser militar. É un traballo que me enche moitísimo: encántame navegar e coñecer novas cidades e culturas”.

“O que máis me gusta da miña profesión de policía é o trato coa xente. É un traballo que ten os seus riscos, mais son uns riscos asumibles, que non me impiden desenvolver o meu labor cada día”.

“O máis bonito do meu traballo é ver como os pais e as nais emocionáanse e choran ao ver nacer aos seus fillos. Non o cambiaría por ningunha outra profesión”.

“Gozo moitísimo do meu traballo, porque me apaixona conducir e coñecer sitios novos. Ademais, gústame moito levar os nenos e os maiores no autobús. Prefiro estar dez horas á fronte do volante que nunha oficina”.

“No meu oficio é difícil aborrecerse. A fontanaría é un traballo dinámico, moi físico e nada rutineiro, en que cada día te enfrontas a un reto diferente. E iso, precisamente, é o que máis me gusta”.

“Empecei a bailar con 7 anos e xa non puíden parar. Para min, a danza é a mellor maneira de expresarme, de comunicarme cos demais. Non entendo a miña vida sen ela”.

“Facer encaixe de bolillos é algo que me entretén moitísimo, aínda que é moi laborioso. Ademais, eu atópoo moi relaxante. Adoro o son que fan os paliños ao chocaren entre si...É algo moi musical”.

“Adoro xogar nun equipo de fútbol porque neste deporte atopo todo o que me apaixona: a competición, o traballo en equipo, a disciplina e o reto de superarme cada día”.

“Aínda que traballar na casa ás veces é moi duro, a min resúltame gratificante porque me permite compartir moito tempo cos meus fillos. Gozo cocinando para eles e ensinándolles moitas cousas a través do xogo”.

“Xogo ao baloncesto desde os 7 anos, pero agora gozo máis adestrando a un equipo que xogando na cancha. Gústame a competición e intento transmitirlle esa paixón por gañar aos meus xogadores, ademais do espírito de sacrificio e superación”.